

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SECCIÓN 13

COMPETENCIAS

O Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece o seguinte cadro de competencias en materia de sanidade e actividades complementarias á mesma:

1. O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior (art. 33.1).
2. En materia de seguridade social: o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, agás as normas que configuren o réxime económico da mesma (art. 33.2, parágrafo primeiro), así como a xestión do seu réxime económico, sen prexuízo da caixa única (art. 33.2 parágrafo segundo).
3. A execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos (art. 33.3) e o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de establecementos farmacéuticos (art. 28.8).
4. A organización e administración, dentro do seu territorio, de todos os servizos relacionados coas materias antes expresadas e o exercicio da tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de sanidade e seguridade social, reservándose o Estado a alta inspección conducente ao cumprimento das funcións e competencias contidas neste artigo (art. 33.4).

No marco da planificación xeral sanitaria do Estado e dentro do seu ámbito de actuación territorial, correspondelle á Xunta de Galicia, como competencias transferidas, a organización, programación, dirección, resolución, control, vixilancia, tutela, así como a sanción e intervención nas actividades e servizos seguintes:

1. Control sanitario de :
 - A) Augas de bebidas.
 - B) Augas residuais.
 - C) Residuos sólidos.
 - D) Contaminación atmosférica.

E) Vivenda e urbanismo.

F) Locais e edificios de convivencia pública ou colectiva.

2. Actividades sanitarias relacionadas cos establecementos e industrias molestas, insalubres, nocivas e perigosas.
3. O control da publicidade médico-sanitaria á que se refire o R.D. 2827/1977, do 20 de xullo, e disposicións complementarias aos órganos da Administración do Estado.
4. O estudo, vixilancia e análise epidemiolóxica dos procesos que inciden positiva ou negativamente na saúde humana.
5. Os programas sanitarios tendentes á protección e promoción da saúde, tales como os da hixiene maternal, infantil, escolar, industrial, laboral, deportiva, mental, así como as accións sanitarias permanentes en materia de enfermidades transmisibles e non transmisibles, antroponozoonose e educación sanitaria.
6. O desenvolvemento de programas de formación en materia de saúde pública en coordinación coa Administración do Estado, na forma que se establece regulamentariamente.
7. O outorgamento da autorización oportuna para a creación, construción, modificación, adaptación ou supresión de centros, servizos e establecementos sanitarios de calquera clase e natureza, engadindo os balnearios e as entidades de seguro libre de asistencia médico-farmacéutica.

Exceptúanse as autorizacións que se refiranaos laboratorios ou establecementos de elaboración de drogas, produtos estupefacientes, psicotrópicos ou especialidades farmacéuticas semellantes e as súas materias primas e material instrumental médico, terapéutico ou correctivo.

8. O control sanitario de produción, almacenamento, transporte, manipulación e venda de alimentos, bebidas e produtos relacionados, directa ou indirectamente, coa alimentación humana cando estas actividades se desenvolvan en Galicia.

Como consecuencia do R.D. 1679/1990, do 28 de decembro, sobre o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e servizos do Instituto Nacional da Saúde, asúmense tamén as seguintes competencias:

1. As funcións correspondentes aos centros e establecementos sanitarios, asistenciais e administrativos da Seguridade Social xestionados polo Instituto Nacional da Saúde na Comunidade Autónoma.
2. As funcións encomendadas pola lexislación vixente ás direccións provinciais da citada entidade xestora da Seguridade Social , así como as funcións correspondentes ao Ministerio de Sanidade e Consumo respecto ás ditas direccións provinciais.
3. A elaboración e a execución dos plans de investimento que se aproben en materia sanitaria na Comunidade Autónoma, así como a xestión dos investimentos en curso.
4. A contratación, xestión, actualización e resolución dos concertos con entidades e institucións sanitarias ou asistenciais que presten servizos na Comunidade, dentro dos límites orzamentarios.
5. A creación, transformación e ampliación, dentro dos límites orzamentarios así como a clasificación e supresión dos centros e establecementos sanitarios en réxime ordinario ou experimental, dos centros asistenciais e administrativos do INSALUD na Comunidade Autónoma, de acordo coa lexislación básica do Estado.
6. As funcións de xestión que realiza o Instituto Nacional da Saúde a través dos seus servizos centrais, no que se refire ao territorio de Galicia e, entre eles, a inspección de servizos de xestión das prestacións sanitarias da Seguridade Social.
7. A planificación de programas e medidas de asistencia sanitaria da Seguridade Social no ámbito da Comunidade, de acordo coa lexislación básica do Estado.
8. A análise e avaliación do desenvolvemento e resultados da acción sanitaria da Seguridade Social en Galicia.
9. A organización e réxime de funcionamento dos centros e servizos de asistencia sanitaria da Seguridade Social na Comunidade Autónoma, así como a definición de criterios xerais para a avaliación da eficacia e rendemento dos programas, centros

ou servizos sanitarios na Comunidade Autónoma, todo iso de acordo coa normativa básica do Estado e a normativa reguladora do réxime económico da Seguridade Social.

Por outro lado, a través do R.D. 212/1996, do 9 de febreiro, transferíronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Seguridade Social en materia de asistencia sanitaria encomendada ao Instituto Social da Mariña, en concreto a asistencia sanitaria dos traballadores do mar e os seus beneficiarios, dentro do territorio da Comunidade Autónoma. Non obstante continúan sendo competencias da Administración do Estado, a asistencia sanitaria dos traballadores do mar a bordo e no estranxeiro así como a información sanitaria ao traballador do mar, educación e distribución da guía sanitaria a bordo, a práctica de recoñecementos médicos previos ao embarque, inspección e control dos medios sanitarios a bordo e das condicións hixiénicas das embarcacións.

Dentro dos obxectivos do Servizo Galego de Saúde de integrar dentro da súa rede asistencial os centros sanitarios das corporacións locais, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia:

1. O Hospital Médico-Quirúrgico Provincial e o Sanatorio Psiquiátrico de Conxo e a rede asistencial do mesmo, dependentes da Deputación Provincial da Coruña (Decreto 373/1992, do 17 de decembro).
2. O Hospital Provincial Santa María Nai, dependente da Deputación Provincial de Ourense (Decreto 22/1993, do 28 de xaneiro).
3. O Hospital Municipal Nicolás Peña, dependente do Concello de Vigo (Decreto 27/1994, do 4 de febreiro)
4. O Hospital Provincial e o Sanatorio Psiquiátrico do Rebullón, dependentes da Deputación Provincial de Pontevedra (Decreto 58/1996).

Debe tamén sinalarse o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de medios persoais adscritos ao Hospital Militar da Coruña, en virtude do R.D. 1432/1996, do 7 de

xuño. Tamén, a través do R.D. 1379/1997, de 29 de agosto, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos nos termos establecidos na Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, e, en especial, os seguintes:

1. Autorización das mensaxes publicitarias para difusión limitada á Comunidade Autónoma.
2. Control da promoción dirixida a profesionais sanitarios.
3. Verificar que os laboratorios farmacéuticos realizan os controles esixidos.
4. Accións inspectoras que desencadeen suspensión ou renovación das autorizacións.
5. Programas de control de calidade dos medicamentos.
6. Información das reaccións adversas dos medicamentos.
7. Inspección en materia de ensaios clínicos.
8. Inspección de execución da lexislación de produtos farmacéuticos.
9. Potestade sancionadora en materia de produtos farmacéuticos.
10. Peche temporal de establecementos.
11. Realización de inspeccións de boas prácticas de laboratorios.

Por último, polo Decreto 373/2003, do 16 de outubro, asumíronse pola Comunidade Autónoma de Galicia as funcións en materia de fomento da cultura e da investigación en Galicia e o desenvolvemento lexislativo e execución en materia de corporacións de dereito público representativo de intereses económicos e profesionais. Neste Decreto adscribiuse á Consellería de Sanidade a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

O Decreto 232/2005, de 11 de agosto, fixou a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia. En canto á Consellería de Sanidade estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral
2. Dirección Xeral de Saúde Pública
3. Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria

Por outra banda, no citado Decreto 232/2005, estrutúrase o Servizo Galego de Saúde, adscrito organicamente á Consellería de Sanidade, nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde
2. División de Asistencia Sanitaria
3. División de Recursos Económicos
4. División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

A nova estratexia adoptada pola Consellería de Sanidade ven marcada pola conformación dun sistema sanitario que obteña resultados satisfactorios, a través dos profesionais sanitarios, para a cidadanía de Galicia e cunha organización sanitaria eficaz, equitativa e eficiente. Este posicionamento está impregnado duns valores que deben ser tidos en conta en todos os niveis e procesos do Sistema Sanitario Galego.

De xeito tal que, para considerar unha actuación como axustada a estes parámetros, ten que obter os resultados desexados, pero ademais respectando os valores ou criterios seguintes:

1. Obter resultados positivos no ámbito da saúde das galegas e dos galegos, así como nos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria, na humanización da medicina, tanto en niveis obxectivos como de satisfacción percibida.
2. Promover e potenciar o carácter público do sistema sanitario galego.
3. Actuar con eficiencia en todos os seus niveis orgánicos e asistenciais para garantir a

sostenibilidade financeira do sistema.

4. Basear todos os obxectivos e resultados da organización na participación real e continua de profesionais, cidadáns e, en xeral, de toda a sociedade galega.

De acordo con elo o Decreto 45/2006, do 23 de febreiro, estableceu a nova estrutura orgánica da Consellería de Sanidade levando a cabo as necesarias modificacións na mesma co fin de desenvolver o papel que lle corresponde como autoridade sanitaria e como órgano responsable da dirección do sistema sanitario de Galicia e fixándolle as seguintes funcións:

1. Fixar os obxectivos de mellora da saúde,
2. Garantir o dereito ás prestacións sanitarias de cobertura pública,
3. Delimitar os dispositivos e medios de titularidade pública ou adscritos ao sistema, segundo as necesidades de saúde da poboación,
4. Dirixir a rede galega de atención sanitaria e realizar as actuacións de autoridade sanitaria,
5. Desenvolver, en definitiva, un modelo organizativo que se axuste paulatina e progresivamente cara á consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos nas directrices de Política Sanitaria de Galicia acordadas polo Consello da Xunta de Galicia do vinte e sete de outubro do dous mil cinco.

Estas funcións desenvolveranse de acordo cos principios sinalados na dirección axeitada cara á redacción da nova Lei de saúde de Galicia, que supere a actual Lei 7/2003 de ordenación sanitaria de Galicia (Losga), con especial énfase na orientación cara aos cidadáns e á participación social, na concepción integral da saúde, na universalidade do dereito ás prestacións de cobertura pública, na promoción da equidade no acceso aos servizos e ás prestacións sanitarias e no equilibrio territorial, cunha atención de calidade personalizada e humanizada, tanto na vertente clínica e organizativa coma na atención aos cidadáns.

No modelo organizativo, e polo tanto na estrutura, sepáranse a planificación, o financiamento e a avaliación da xestión, que lle corresponden á Consellería, respecto da execución, que lle corresponde ao Sergas. Este organismo, ao que se lle encomenda con carácter xeral a dobre función de compra e provisión de servizos sanitarios, está adscrito á Consellería de Sanidade, que exerce sobre el as funcións de dirección, vixilancia e tutela.

Para o desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia no seu título IV, establece que no Servizo Galego de Saúde se integran todos os centros, servizos e establecementos sanitarios de titularidade da Administración autonómica galega, e atribúelle á Consellería de Sanidade o exercicio das facultades de dirección, vixilancia e tutela sobre o Sergas e, en particular, o exercicio das potestades regulamentarias e das restantes disposicións que sexan de aplicación.

O Sergas, creado pola Lei 1/1989, configúrase como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins e correspóndelle:

1. Exercer o goberno, a dirección e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos, garantindo a provisión dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública.
2. Distribuír os recursos económicos afectos ao financiamento dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública, mediante a compra da actividade asistencial aos centros, servizos e establecementos da rede galega de atención sanitaria de utilización pública.
3. Coordinar a xestión dos recursos humanos, materiais e financeiros que teña asignados.

4. O establecemento, a xestión e a actualización dos acordos, convenios e contratos (calquera que sexa a súa tipoloxía e modalidade) con terceiras entidades titulares de centros, servizos e establecementos sanitarios.
5. Exercer aquelas outras funcións que lle delegue ou encomende a Consellería de Sanidade.

Ademais da prestación directa de asistencia sanitaria nos seus propios centros, ao Servizo Galego de Saúde correspóndelle tamén a coordinación da Rede Galega de Atención Sanitaria para a optimización de todos os dispositivos asistenciais integrados nela. Neste senso distribuirá con equidade os recursos económicos afectos ao financiamento dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública, mediante a dobre función de compra e provisión de servizos sanitarios, que se exercerán de forma separada.

A modernización e humanización do sistema sanitario público require incorporar modelos de xestión que o dinamicen. Deste modo, o Servizo Galego de Saúde e as súas áreas sanitarias deberán estar orientadas a garantir os dereitos dos cidadáns e a continuidade asistencial mediante unha organización centrada no paciente como base para asegurar a calidade da asistencia, que supere a tradicional separación entre a atención primaria e a atención especializada e que abranga a atención sociosanitaria, integrando todas as modalidades asistenciais de atención ao usuario.

Neste senso, o Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde introduce na súa estrutura fórmulas organizativas cunha visión lonxitudinal e integradora dos procesos asistenciais baseada na continuidade da atención sanitaria, co fin de acadar a coordinación, colaboración e cooperación de todos os provedores públicos, tendo como centro de atención ao paciente, ao cal se lle deben garantir unha calidade obxectiva e uns tempos de atención axeitados.

Por último, na citada Lei 7/2003, de ordenación sanitaria de Galicia, dispónse que a xestión dos centros, servizos e establecementos asistenciais do Servizo Galego de Saúde pode levarse a cabo a través de entidades dotadas de personalidade xurídica propia.

Neste senso figuran adscritos á Consellería de Sanidade os seguintes organismos:

- 1. A Fundación Hospital de Verín**, constituída en escritura pública outorgada o 15 de setembro de 1993 e cuxo obxecto, segundo consta nos seus estatutos, é a realización, na zona de influencia, de actividades de promoción, prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servizos sanitarios, a docencia e investigación de ciencias da saúde e a promoción da saúde individual e colectiva da Comunidade en calquera das súas vertentes, así como a realización doutras actividades que poden axudar á consecución do obxectivo fundacional, desenvolvéndose todas estas actividades, con suxeición aos criterios de planificación e coordinación e ás directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde no ámbito das súas respectivas competencias.
- 2. A Fundación Centro de Transfusión de Galicia**, constituída en escritura pública outorgada o día 2 de xuño de 1993 cuxo obxecto é a organización funcional da hemoterapia e hemodoazón na Comunidade Autónoma de Galicia incluíndo, entre outras funcións, a promoción da hemodoazón e plasmaférese voluntaria, a programación de todas as extraccións do sangue extrahospitalarias por medio de equipos móbiles, o procesamento de todas as unidades de sangue recollidas de forma extra e intrahospitalaria, o fraccionamento de sangue para a produción de hemoderivados básicos e o abastecemento de sangue e derivados a todos os hospitais e centros sanitarios públicos e privados da Comunidade Autónoma de Galicia con arranxo ás súas necesidades.

3. A **Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía**, constituída en escritura outorgada o día 23 de decembro de 1994 e cuxo obxecto xenérico é a prestación de servizos especializados de consultoría, planificación, avaliación e prestación de servizos oftalmolóxicos de alta complexidade, docencia e investigación.
4. A sociedade pública autonómica **Instituto Galego de Medicina Técnica S.A.**, creada, ao amparo do art. 55, 2º do Estatuto de Autonomía de Galicia, polo Decreto 229/1994, do 14 de xullo, e que ten por obxecto prestar servizos especializados e integrais en xestión de servizos sanitarios e prestacións sanitarias a través da explotación de instalacións de alta tecnoloxía, o asesoramento no desenvolvemento de plans organizativos, operativos e loxísticos, a consultoría e a investigación en xestión de servizos sanitarios, protección radiolóxica, radioterapia e tecnoloxías afíns, o control de calidade en protección radiolóxica, radioloxía, radioterapia e tecnoloxías afíns, e a realización doutras actividades conexas que se estimen necesarias.
5. A **Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira**, constituída en escritura pública outorgada no ano 1997 que ten por obxecto a realización de actividades de promoción, prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servizos sanitarios, a docencia e investigación de ciencias da saúde, e a promoción da saúde individual e colectiva da comunidade en calquera das súas vertentes; a coordinación concreta do desenvolvemento da súa actividade realizarase a través do complexo hospitalario de referencia da área sanitaria onde se encontra a súa área de influencia.
6. A **Fundación Pública Hospital da Barbanza**, constituída en escritura pública outorgada en 1997, e que como se sinala nos seus estatutos, ten por obxecto a realización de actividades de promoción, prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servizos sanitarios, a docencia e investigación de ciencias da saúde, e a promoción da saúde individual e colectiva da comunidade en calquera das súas vertentes; a coordinación concreta do desenvolvemento da súa actividade realizarase a través do complexo hospitalario de referencia da área sanitaria onde se encontra a súa área de influencia.

7. **A Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria** constituída en escritura pública outorgada o día 29 de decembro de 1997 co obxectivo da formación e investigación nas materias de saúde pública e administración sanitaria dentro dos criterios de planificación e as directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, ofertando a realización de cursos dirixidos á formación e perfeccionamento técnico no ámbito da saúde pública e administración sanitaria.
8. **A Fundación Pública Hospital do Salnés**, constituída en 1999 co obxecto da realización, dentro da súa área de influencia, de actividades de promoción, prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servizos sanitarios, a docencia e investigación de ciencias da saúde e a promoción da saúde individual e colectiva da Comunidade en calquera das súas vertentes.
9. **A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061**, constituída en escritura pública outorgada o día 30 de xuño de 1999 e que ten por obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultoría, docencia e investigación prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e urxencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e na atención sociosanitaria, promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario, e xestionando, para tal fin, a Central de Coordinación de Urxencias Médicas regulada na Orde do 9 outubro de 1995.
10. **A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica**, creada polo Decreto 451/2003, do 26 de decembro co obxecto de desenvolver actividades relacionadas coa medicina molecular, entendida como o coñecemento sobre os xenos humanos, na que conflúen varias disciplinas das ciencias da saúde, xerado a partir da incorporación das distintas técnicas moleculares consecuencia dos avances nas áreas da xenética humana, a biotecnoloxía, a terapia xénica, a farmacoxenética ou a inmunoloxía molecular, así como o coñecemento e as aplicacións derivadas do proxecto xenoma humano.

OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCION PARA O ANO 2007

2.1 DA CONSELLERIA E DO ORGANISMO AUTÓNOMO

O documento onde se establece o posicionamento estratéxico da política sanitaria en Galicia e os obxectivos da mesma para o conxunto da actual lexislatura, foi aprobado polo Consello da Xunta o 29 de outubro de 2005.

Este novo modelo estratéxico do sistema sanitario galego orientarase cara ao seu obxectivo principal que é obter resultados satisfactorios para os cidadáns. Os cidadáns de Galicia son a razón de ser do sistema, a súa saúde e os seus dereitos son o fin último de calquera recurso, profesional ou político do servizo sanitario.

Por iso, sen esquecer a importancia dun impacto positivo nos resultados dirixidos a outros dos eixes fundamentais como son os profesionais do sistema e a propia organización sanitaria, a actividade da Consellería de Sanidade e do SERGAS dirixirase primordialmente á obtención de resultados para os cidadáns obxectivados nos seguintes indicadores:

1. Diminución dos riscos para a saúde da poboación.
2. Diminución da prevalencia das enfermidades máis importantes.
3. Diminución continua da mortalidade prematura evitable.
4. Mellora na calidade de vida dos doentes.

Á hora de definir os seus obxectivos é necesario sinalar que todas as actuacións e decisións, así como todos os niveis e procesos do sistema sanitario galego deben ter en conta os seguintes valores ou criterios fundamentais:

1. Os resultados desexados cara aos cidadáns teñen que se obter en dous ámbitos:
 - A) Na saúde das galegas e dos galegos.

B) Nos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria, e na humanización da medicina, tanto en niveis obxectivos como de satisfacción percibida.

E ademais, garantindo a eliminación de calquera tipo de desigualdade.

2. O sistema sanitario galego promoverá e potenciará o seu carácter público.
3. O sistema sanitario galego ten que actuar con eficiencia en custos de todos os seus niveis orgánicos e asistenciais para garantir a sostibilidade financeira do sistema.
4. Todos os obxectivos e resultados da organización deberán estar baseados na participación real e continua de profesionais, cidadáns e, en xeral, de toda a sociedade galega.

Tendo en conta o indicado anteriormente, por obter os obxectivos desexados, dende a Consellería de Sanidade identificáronse as seguintes **liñas estratéxicas para o período 2005-2009**:

1. Garantir o efectivo exercicio dos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria.
2. Promover unha xestión transparente do sistema sanitario.
3. Mellorar a continuidade asistencial entre a Atención Primaria, e a Atención Especializada.
4. Motivar e apoiar aos profesionais sanitarios cara aos resultados na saúde e nos dereitos dos cidadáns.
5. Prestar uns servizos sanitarios de calidade.
6. Aumentar a eficiencia na xestión e na prestación dos servizos sanitarios.
7. Mellorar os sistemas de información sanitaria cara á planificación, á xestión e á prestación dos servizos sanitarios.
8. Reorientar o sistema sanitario para traballar por resultados na saúde e nos dereitos sanitarios dos cidadáns.

No desenvolvemento destas estratexias é preciso acometer diversas accións, poidendo destacar:

Dentro da **liña estratéxica 1**, garantir o efectivo exercicio dos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria:

- A) Elaboración dunha nova Lei de Saúde de Galicia.
- B) Elaboración dunha nova Lei Galega en materia de drogas.
- C) Establecemento de axudas sociais a persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas.
- D) Desenvolvemento dun sistema de xestión de reclamacións e suxerencias.
- E) Desenvolvemento do dereito á segunda opinión médica no Sistema Sanitario Galego, permitindo unha maior autonomía do paciente respecto a súa capacidade de decisión.
- F) Desenvolvemento da declaración da vontade vital anticipada.
- G) Desenvolvemento da normativa necesaria para facer efectiva a figura do valedor do paciente e a correspondente articulación da súa oficina.

No que se refire a **2ª estratexia**, promover unha xestión transparente do sistema sanitario:

- A) Dar contido real aos órganos de participación cidadá das áreas.
- B) Integración dos canais de comunicación: presencial, telefónico e telemático.
- C) Incorporación dun Plan de normalización lingüística e da linguaxe non sexista na Sanidade Galega.

Na **liña estratéxica 3ª**, mellorar a continuidade asistencial entre a atención primaria e a atención especializada, preténdese:

- A) O aumento da capacidade de resolución na Atención Primaria:
 - a) Incrementando o número de centros onde se realiza ciruxía menor.
 - b) Aumentando a dispoñibilidade de aparataxe nos centros de saúde.
 - c) Desenvolvendo o programa de telemedicina.
 - d) Descentralizando a anticoagulación oral.

- B) A elaboración de guías de práctica clínica e homoxenización das guías farmacoterapéuticas.

O desenvolvemento do plan de Galicia sobre drogas para o período 2006-2009 no que se definen as estratexias nas áreas de prevención, asistencia, incorporación social, formación-investigación e coordinación.

- C) O desenvolvemento do Plan galego de cuidados paliativos

No que respecta a **4ª liña estratéxica**, motivar e apoiar ao persoal cara os resultados na saúde e nos dereitos dos cidadáns:

- A) Xerar criterios de avaliación na carreira profesional de acordo coa mellora da saúde e os dereitos dos cidadáns. Incluir a avaliación de competencia profesional.
- B) Aumentar a dedicación exclusiva ao Sistema Público dos profesionais, con especial énfase a nivel das xefaturas de servizo, e cun estrito cumprimento da normativa de incompatibilidade.
- C) A estatutarización e integración do persoal dos hospitais das Fundacións Públicas Sanitarias.
- D) Potenciar os Plans de saúde laboral e prevención de riscos laborais.
- E) A promoción da estabilidade no emprego do persoal a través da convocatoria periódica de ofertas de emprego público.
- F) O desenvolvemento dun plan de formación continuada con execución dos programas:
- a) De formalización especializada en ciencias da saúde.
 - b) De xestión da información en docencia e investigación na intranet.
 - c) De calidade na formación práctica pregrado en profesións sanitarias.
 - d) Da plataforma da formación a distancia: Mestre.
- G) Desenvolver un plan de I+D+i da Consellería establecendo un mapa de investigación biomédica e constituíndo a oficina de apoio á investigación en ciencias de saúde en Galicia.

H) O establecemento dun procedemento unificado para a xestión científica e económica dos ensaios clínicos nos centros sanitarios.

Na **liña estratéxica 5^a**, prestar uns servizos sanitarios de calidade, preténdese:

- A) A redución e transparencia das listas de espera cirúrxicas, de consultas externas e de probas diagnósticas.
- B) Incrementar as prestacións de saúde bucodental, garantindo a asistencia dental básica ata os 14 anos cunha implantación progresiva por tramos de idade.
- C) Desenvolver un programa de prevención de problemas visuais en colaboración co Colexio de Ópticos e Optometristas.
- D) Mellora a accesibilidade dos usuarios dos hospitais comarcais a probas de RNM a través dun equipo de Resonancia Magnética Móbil.
- E) Desenvolvemento da modificación do Mapa Farmacéutico de Galicia.
- F) Extensión do parto sen dor a todos os centros sanitarios do SERGAS.
- G) Implantación da I.V.E. no sistema sanitario público.
- H) Posta en marcha do novo plan de saúde mental aprobado para o período 2006-2011.
- I) Execución de medidas de seguimento da Lei do tabaco e do plan de tratamento e deshabitación do consumo de tabaco.
- J) Continuar o impulso do Programa de actividades saudables, exercicio e alimentación (PASEA).
- K) Ampliación do programa de cribaxe da sordeira.
- L) Programa Detecta-t. Programa de detección de tecnoloxías sanitarias novas e emerxentes en Galicia.

Dentro da **liña estratéxica 6ª**, aumentar a eficiencia na xestión e na prestación dos servizos sanitarios, preténdense acometer as seguintes accións:

- A) Impulsar o novo procedemento de compras Integracom, baseado nunha centralización das compras dos distintos centros.
- B) Desenvolvemento dun plan de racionalización do gasto farmacéutico.
- C) Desenvolvemento dun plan de utilización eficiente das infraestruturas .
- D) Impulsar o novo sistema de control de xestión económica e da comisión de gasto sanitario dos centros do SERGAS.
- E) Continuar a execución do Plan de equipamento centralizado de alta tecnoloxía e dos plans directores e reformas de centros sanitarios.
- F) Impulso do programa de calidade nas unidades de compras e subministracións nos centros do SERGAS (APROVISIO9000).

Na **liña estratéxica 7ª**, mellorar os sistemas de información sanitaria cara á planificación, á xestión e á prestación dos servizos sanitarios, considérase necesario:

- A) Construción dunha plataforma tecnolóxica dende a que os profesionais da saúde de Galicia poidan elaborar, almacenar e consultar información de saúde en formato dixital (proxecto ALICERCE).
- B) Impulsar o proxecto de receita electrónica.

Por último, dentro da **liña estratéxica 8ª**, reorientar o sistema sanitario para traballar por resultados na saúde e nos dereitos sanitarios dos cidadáns:

- A) Execución do Plan de Saúde 2006-2010.
- B) Desenvolvemento do Consello Galego de Saúde.

ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2007

3.1 DISTRIBUCION FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1. Da Consellería

PROGRAMA 411A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE

1. Descrición

O programa de “Dirección e Servizos Xerais de Sanidade” inclúe todas aquelas actividades de dirección, coordinación e control dos medios materiais e humanos que se desenrolan tanto no ámbito dos Servizos Centrais como as Delegacións Provinciais.

2.Actividades

Os obxectivos deste programa son:

- 1.** Facer efectivos os dereitos recoñecidos aos cidadáns na lexislación sanitaria.
 - A) Determinando as necesidades sanitarias da poboación.
 - B) Priorizando as necesidades asistenciais.
 - C) Reorientando o sistema sanitario para traballar por resultados na saúde e nos dereitos sanitarios dos cidadáns.
- 2.** Promover os mecanismos de participación e control sobre o sistema sanitario por parte dos cidadáns, os profesionais e outras partes interesadas.
- 3.** Desenvolver a inspección e control dos centros sanitarios da Comunidade Autónoma.
- 4.** Mellorar as tecnoloxías de información sanitaria cara á planificación, á xestión e á prestación dos servizos sanitarios, a docencia e a investigación.
- 5.** A consolidación e perfeccionamento da estrutura administrativa.

6. A racionalización e simplificación do funcionamento da actuación dos servizos administrativos da Consellería de Sanidade.
7. Avaliación de políticas públicas: seguimento e avaliación do Plan de Saúde de Galicia
8. Desenvolvemento dun plan de Calidade que contemple o desenvolvemento dos aspectos formativos da Ley de Ordenación das Profesións Sanitarias, a acreditación de títolos, as necesidades das unidades docentes, as necesidades dos residentes, e os programas específicos de calidade das unidades docentes.

3.Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación

PROGRAMA: 413A. PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA

1.Descripción

O programa da “Protección e Promoción da Saúde” ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír respectivamente os ditos factores. Para todo isto, impulsaranse accións de asesoramento, información, formación, inspeccións, control, sanción e elaboración de normativa de protección da saúde.

Inclúese tamén neste programa o crédito correspondente ao Plan de loita contra Drogodependencias que integra as medidas conducentes a reducir a demanda de consumo de drogas, así como outras encamiñadas ao tratamento dos problemas derivados do devandito consumo. Isto reflíctese no desenvolvemento dos seus programas en seis ámbitos de actuación: prevención, asistencia, reinserción, formación, investigación e coordinación.

2.Actividades

Os obxectivos deste programa son:

1. A execución dos distintos programas destinados á promoción e protección da saúde da poboación co obxecto de:
 - A) Mellorar a seguridade alimentaria.
 - A) Protexer a saúde fronte a riscos ambientais.
 - B) Fomentar estilos de vida saudables.
 - C) Mellorar o diagnóstico precoz de enfermidades mediante programas de cribado.
 - D) Vixiar e controlar as enfermidades transmisibles e non transmisibles.
 - E) Mellorar os sistemas de organización e control en materia de saúde pública.
2. Dentro do plano de loita contra a droga:
 - A) A integración da actividade do plano de loita contra as drogodependencias na rede asistencial.
 - B) Fortalecer a estrutura de coordinación coas organizacións de loita contra a droga.
 - C) Desenvolver os programas de prevención e os recursos asistenciais e de reinserción.
 - D) Reforzar o sistema de indicadores do observatorio de Galicia sobre drogas.

3.Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Saúde Pública

PROGRAMA: 581A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA

1.Descripción

A finalidade do programa é a coordinación, recopilación e análise das operacións estatísticas, enquisas, sondeos ou estudos que se realicen no seo da Consellería e do SERGAS.

2.Actividades

A coordinación, recompilación e análise das operacións estatísticas, enquisas, sondaxes ou estudos que se realicen no seo da Consellería de Sanidade e do SERGAS.

3.Órganos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Saúde Pública

3.1.2 Do Organismo Autónomo

PROGRAMA 412B. ATENCIÓN PRIMARIA

1.Descripción

O Programa de "Atención Primaria de Saúde" recolle as accións encamiñadas a conseguir a mellora continua do primeiro nivel de Atención Primaria. Así mesmo

forman parte do programa a prestación farmacéutica, e o gasto da actividade propia de atención primaria prestada con recursos patrimoniais alleos.

A función asistencial, núcleo básico da atención primaria, diríxese a todas as persoas, sans e enfermas, individualmente e de maneira colectiva, e abarca actividades de promoción e educación para a saúde, prevención, curación e rehabilitación, polo tanto é integral, integradora, accesible, continua e permanente.

O desenvolvemento do novo modelo de atención primaria en Galicia, baseado no modelo asistencial que recolle o Decreto 200/1993, supón dotar aos centros de mellor infraestrutura física, incorporar novas prestacións e asegurar a calidade asistencial, aumentando a capacidade de resolución de problemas e incrementando o persoal tanto no número como no tempo de dedicación. Ademais, incorpóranse a este nivel asistencial unidades de apoio que permiten axilizar a resposta ás necesidades de saúde da poboación.

A estruturación da Atención Primaria en Galicia atopouse con problemas adicionais que limitan a súa eficiencia: unha orografía e unhas comunicacións complicadas, e a grande dispersión da poboación. Supón a implantación do novo modelo que se organiza xeograficamente e funcionalmente nos seguintes dispositivos:

1. Unidades de Atención Primaria. Son as estruturas básicas para a prestación da atención sanitaria integral á poboación e estarán ubicadas nos centros de Saúde. As súas funcións desenvólvense no propio Centro e nos consultorios periféricos dependentes e na Comunidade.
2. Servizos de Atención Primaria. É o nivel organizativo superior e abarcará unha ou varias unidades de atención primaria.
3. Puntos de Atención Continuada (PACs) cos que se resolve a atención de urxencia á poboación, xerando estruturas organizativas que aseguren unha prestación de calidade e moderna, incluíndo o requisito indispensable da presenza física dos profesionais en ditos PACs.

A Atención Primaria constitúe o primeiro contacto do individuo, da familia e da comunidade co sistema sanitario; e ten importancia, primordialmente, polo feito de que a maior parte dos actos médicos en xeral exércense sobre a poboación a este nivel asistencial. Unha boa atención primaria posibilita, ademais dunha adecuada prestación sanitaria á poboación, a filtración da demanda crecente cara aos centros hospitalarios.

A modernización da Atención Primaria en Galicia esixe novas formas de traballo e de relación. Está marcada por criterios de calidade óptima e de orientación ao cliente e esixe que os profesionais integren os seus coñecementos e experiencias no conxunto da organización. O punto de partida son os problemas de saúde da poboación e as súas condicionantes. Os servizos oriéntanse á súa resolución; os profesionais son os que, coas súas decisións, determinan o gasto e o resultado das actuacións do sistema, e intentan implicarlles, mediante a descentralización e a autoxestión, na xestión dos servizos e recursos dispoñibles. Isto require do SERGAS e dos profesionais:

1. Redefinición dos obxectivos (asistenciais, de calidade, custos...), seguindo as directrices estratéxicas da Consellería e o Plan de Saúde.
2. Pertinencia e xustificación das decisións clínicas (segundo as evidencias) e avaliación dos resultados.
3. Uso racional das tecnoloxías.
4. Organización eficiente (optimización) dos recursos para satisfacer, de xeito flexible e eficiente, as necesidades e demandas dos usuarios.
5. Novas relacións entre profesionais e autonomía en toma de decisións.

2.Actividades

O obxectivo deste programa será acadar unha Atención Primaria que aúne dous criterios básicos:

1. Alta calidade para os cidadáns tanto nos aspectos científicos-técnicos como na humanización da asistencia.
2. Fácil accesibilidade, e dotar aos concellos cunha Unidade de Atención Primaria cos

recursos humanos e materiais suficientes para atender as necesidades da poboación de cada un deles con criterios de equidade e eficiencia.

Para iso levaranse a cabo as seguintes actividades:

1. Extender a cobertura do novo modelo e continuar a mellora de accesibilidade aos dispositivos de fisioterapia, psicoprofilaxis obstétrica, saúde bucodental e traballo social desde a atención primaria.
2. Coordinar e ampliar a cobertura e mellora de calidade da carteira de servizos: enfermidades e factores de risco máis prevalentes, atención á muller, saúde bucodental, obesidade infantil, TAO, cirurxía menor, actividades preventivas en AP, telemedicina, optometría, etc.
3. Coordinar e axustar as directrices estratéxicas da Consellería co protocolo de obxectivos estratéxicos das áreas e o protocolo de actividade dos SAP. Desenvolver as estruturas de xestión periféricas necesarias para xestionar o cambio.
4. Impulsar a coordinación / integración de atención primaria e especializada a través da aplicación do Plan de Saúde, priorizando as patoloxías nel recollidas: IAM, IC, EPOC, trastornos afectivos e depresivos, drogas, accidentes, diabetes, envellecemento, cancro...
5. Mellorar a calidade da atención utilizando como ferramentas a xestión do coñecemento, os equipos de mellora, a incentivación e participación dos profesionais, as novas tecnoloxías...
6. Mellorar a capacidade resolutiva e a accesibilidade aos medios diagnósticos.
7. Mellorar a atención aos usuarios, con atención as reclamacións, información nos centros e na web, e desenvolvemento da cita telefónica centralizada.
8. Desenvolver a xestión clínica en unidades e servizos de atención primaria que tenta desenvolver actividades de mellora da xestión de recursos por parte dos profesionais clínicos.
9. Continuar a atención ás urxencias polos PACs e a súa coordinación a través da central de coordinación de urxencias médicas (061) e a xestión directa por parte da

mesma das ambulancias de soporte vital avanzado terrestre e a medicalización de dúas bases de helicópteros.

- 10.** Planificar e executar a construción de novos centros de saúde así como de reparación e melloras nos actuais de infraestruturas e equipamento.

3.Órganos encargados da súa execución

CENTRO DE XESTIÓN	DENOMINACIÓN
5001	Servizos Centrais
Provincia: A CORUÑA	
1501	C.H. Juan Canalejo
1505	Área Sanitaria de Ferrol
1507	XAP Area A Coruña
1509	XAP Santiago
1571	C.H. de Santiago
1597	Direc. Prov. A Coruña
Provincia: LUGO	
2701	C.H. Xeral Calde
2703	XAP Lugo
2706	Hospital Comarcal da Costa
2707	Hospital Comarcal de Monforte
2797	Direc. Prov. Lugo
Provincia: OURENSE	
3201	C.H. de Ourense
3204	Hospital de Valdeorras
3206	XAP Ourense
3297	Direc. Prov. Ourense

Provincia: PONTEVEDRA

3601	C.H.Universitario de Vigo
3603	C.H. de Pontevedra
3606	XAP Area Vigo
3612	XAP Area Pontevedra
3697	Direc. Prov. Pontevedra

PROGRAMA 412A. ATENCIÓN ESPECIALIZADA

1.Descripción

Comprende, o programa de "Atención Especializada", o conxunto de actividades sanitarias desenroladas nos centros e polo persoal especializado do sistema sanitario, baixo o seguinte esquema:

1. Centros de atención especializada ambulatoria, constituído por centros de especialidades adscritos á atención especializada da rede propia do Servizo Galego de Saúde.
2. Centros hospitalarios xestionados e administrados polo Servizo Galego de saúde, baixo o modelo tradicional ou con novas formas de xestión.
3. Servizos de asistencia especializada concertada.
4. Prestacións sanitarias complementarias con fins terapéuticos ou de rehabilitación.

O nivel especializado da asistencia sanitaria debe xoga-lo papel que lle corresponde, cumprindo unha labor de apoio á atención primaria da saúde- coa que debe estar coordinada- e desenvolvendo aquelas funcións e actividades que non poden ser exercidas polo primeiro escalón asistencial, prestando unha asistencia de calidade ao mellor custo posible.

2.Actividades

Debe ser unha obriga do sistema sanitario garantir a calidade dos procesos de servizo e das infraestruturas e equipamentos dispoñibles na prestación da asistencia sanitaria cara a obter os resultados na saúde e nos dereitos sanitarios dos cidadáns.

Dentro deste obxectivo considérase prioritario reducir e dotar de transparencia as listas de espera cirúrxicas, de consultas externas e de probas diagnósticas, considerándose tamén necesario desenvolver outras actuacións dirixidas a:

1. A modernización das infraestruturas e equipamentos existentes nos centros mellorando a dispoñibilidade de tecnoloxías para que os profesionais desenvolvan a súa actividade á vez que se aumente o nivel de confort dos usuarios.
2. Potenciar as consultas de alta resolución para as patoloxías máis relevantes.
3. A extensión na cobertura do parto sen dor a todos os centros.
4. O desenvolvemento do plan de saúde mental, tanto na área de prevención como de asistencia.

3.Órganos encargados da súa execución

CENTROS DE XESTION	DENOMINACIÓN
5001	Servizos Centrais
Provincia: A CORUÑA	
1501	C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza
1505	Área Sanitaria de Ferrol
1571	C.H. Universitario de Santiago
1597	Dirección Provincial A Coruña

Provincia: LUGO

2701	C.H. Xeral Calde
2706	Hospital da Costa
2707	Hospital de Monforte
2797	Dirección Provincial de Lugo

Provincia: OURENSE

3201	C.H. de Ourense
3204	Hospital do Barco de Valdeorras
3297	Dirección Provincial de Ourense

Provincia: PONTEVEDRA

3601	C.H. Universitario de Vigo
3603	C.H. de Pontevedra
3697	Dirección Provincial de Pontevedra

PROGRAMA 411A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE

1. Descrición

O programa de “Dirección e Servizos Xerais de Sanidade” inclúe todas aquelas actividades de dirección, coordinación e control dos medios materiais e humanos que se desenrolan tanto no ámbito das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde coma nos servizos centrais do organismo.

Abarcará os servizos administrativos das direccións provinciais da inspección sanitaria e os servizos de informática.

2. Actividades

Os obxectivos básicos deste programa son:

- 1.** Mellorar as tecnoloxías de información sanitaria cara á xestión e á prestación dos

servizos sanitarios.

2. A consolidación e perfeccionamento da estrutura administrativa.
3. A racionalización e simplificación do funcionamento da actuación dos servizos administrativos do Servizo Galego de Saúde.

3.Órganos encargados da súa execución

CENTROS DE XESTION	DENOMINACION
5001	Servizos Centrais.
1597	Dirección Provincial de A Coruña
2797	Dirección Provincial de Lugo
3297	Dirección Provincial de Ourense
3697	Dirección Provincial de Pontevedra.

PROGRAMA 414A. FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS

1.Descripción

O programa de “Formación de Graduados e Posgraduados” ten como finalidade xenérica adecuar os coñecementos e perfíles profesionais das persoas que inician a prestación de servizos no sistema sanitario e en concreto:

1. A formación de especialistas que esixe o programa que desenrolan os residentes médicos e farmacéuticos.
2. A formación pregraduada de diplomados de enfermería.
3. A formación continuada dos profesionais que prestan os seus servizos no sistema sanitario.

Todo iso a través da actualización permanente dos coñecementos dos profesionais integrados no sistema sanitario, elevando a calidade de persoal sanitario nos aspectos asistencial e preventivo. Así mesmo precísase axustar os coñecementos

profesionais das persoas que prestarán os seus servizos no sector sanitario ás necesidades reais do sistema, a través da organización de programas e cursos de formación. Por elo formaranse especialistas nos sectores de maior interese para o sistema sanitario e potenciarase a formación científica e técnica dos profesionais sanitarios.

2.Actividades

Entre as actuacións deste programa están as seguintes:

1. O reciclaxe e a formación do persoal sanitario de acordo coas novas funcións tecnolóxicas e sistemas de xestión.
2. A realización de diversos cursos agrupando arrededor de tres grandes áreas temáticas: xestión, xestión clínica e I + D co obxecto de amalgamar as diversas áreas de necesidade formativa.
3. Manter e desenvolver o sistema acreditador da formación continuada dos profesionais sanitarios da Comunidade Autónoma.

3.Órganos encargados da súa execución

CENTROS DE XESTION	DENOMINACION
5001	Servizos Centrais
Provincia: A CORUÑA	
1501	C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza
1505	Área Sanitaria de Ferrol
1507	X.A.P. Área de A Coruña
1509	X.A.P. Área de Santiago
1571	C.H. Universitario de Santiago

Provincia: LUGO

2701	C.H. Xeral - Calde
2703	X.A.P. Área de Lugo

Provincia: OURENSE

3201	C.H. de Ourense
3206	X.A.P. Área de Ourense

Provincia: PONTEVEDRA

3601	C.H.Universitario de Vigo
3603	C.H. de Pontevedra
3606	X.A.P. Área de Vigo

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

	SERVIZOS				
	01	02	03	80	TOTAL
411A Dirección e servizos xerais de sanidade	20.606,1		4.136,6	54.825,5	79.568,2
412A Atención especializada				1.921.000,2	1.921.000,2
412B Atención primaria				1.278.702,9	1.278.702,9
413A Protección e promoción da saúde pública	18.158,9	54.968,0			73.126,9
414A Formación de graduados e posgraduados				35.611,8	35.611,8
581A Elaboración e difusión estatística		125,0			125,0
TOTAL	38.765,0	55.093,0	4.136,6	3.290.140,4	3.388.135,0

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS							
	I	II	IV	V	VI	VII	VIII	TOTAL
411A Dirección e servizos xerais de sanidade	31.073,7	6.532,6	5.632,1		34.586,6	1.351,7	391,6	79.568,3
412A Atención especializada	903.000,3	762.747,9	146.705,9	22.068,2	84.812,4	1.407,0	258,4	1.921.000,1
412B Atención primaria	369.918,9	34.044,2	811.628,3	39.638,2	23.473,3			1.278.702,9
413A Protección e promoción da saúde pública	25.939,2	1.042,6	12.640,8		33.108,6	395,7		73.126,9
414A Formación de graduados e posgraduados	35.234,8				377,0			35.611,8
581A Elaboración e difusión estatística					125,0			125,0
TOTAL	1.365.166,9	804.367,3	976.607,1	61.706,4	176.482,9	3.154,4	650,0	3.388.135,0

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01 SECRETARÍA XERAL	2006	2007	% Var.
Cap. I Gastos de persoal	15.248,8	14.542,7	-4,6
Cap. II Gastos en bens correntes e servizos	2.259,0	2.291,5	1,4
Cap. IV Transferencias correntes	14.207,0	15.392,0	8,3
Cap. VI Investimentos reais	3.561,1	5.143,1	44,4
Cap. VII Transferencias de capital	1.633,1	1.395,7	-14,5
TOTAL	36.909,1	38.765,0	5,0

(Miles de euros)

02 D. X. DE SAÚDE PÚBLICA	2006	2007	% Var.
Cap. I Gastos de persoal	25.509,8	25.939,2	1,7
Cap. IV Transferencias correntes	250,9	250,9	0,0
Cap. VI Investimentos reais	28.787,5	28.902,9	0,4
TOTAL	54.548,2	55.093,0	1,0

(Miles de euros)

03 D. X. DE ASEGU. E PLANIFICACIÓN SANITARIA	2006	2007	% Var.
Cap. I Gastos de persoal	417,0	2.023,8	385,3
Cap. VI Investimentos reais	1.116,1	1.761,2	57,8
Cap. VII Transferencias de capital		351,7	
TOTAL	1.533,1	4.136,7	169,8

(Miles de euros)

80 SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	2006	2007	% Var.
Cap. I Gastos de persoal	1.224.686,3	1.322.661,2	8,0
Cap. II Gastos en bens correntes e servizos	732.299,9	802.075,9	9,5
Cap. IV Transferencias correntes	915.741,7	960.964,2	4,9
Cap. V Fondo de continxencia	57.681,5	61.706,4	7,0
Cap. VI Investimentos reais	132.200,2	140.675,7	6,4
Cap. VII Transferencias de capital	1.092,8	1.406,9	28,7
Cap. VIII Activos financeiros	625,0	650,0	4,0
TOTAL	3.064.327,4	3.290.140,3	7,4

(Miles de euros)

SERVIZO	2006	2007	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	36.909,1	38.765,0	5,0
02 D. X. DE SAÚDE PÚBLICA	54.548,2	55.093,0	1,0
03 D. X. DE ASEGU. E PLANIFICACIÓN SANITARIA	1.533,1	4.136,7	169,8
80 SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	3.064.327,4	3.290.140,3	7,4
TOTAL	3.157.317,7	3.388.135,0	7,3

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organismos autónomos		Transferencias internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2006	2007	2006	2007	2006	2007	2006	2007
Cap. I Gastos de persoal	41.175,6	42.505,7	1.224.686,3	1.322.661,2			1.265.861,9	1.365.166,9
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	2.259,0	2.291,5	732.299,9	802.075,9			734.558,9	804.367,4
Cap. IV Transferencias corentes	2.901.378,9	3.119.228,7	915.741,7	960.964,2	2.886.921,0	3.103.585,8	930.199,6	976.607,1
Cap. V Fondo de continxencia			57.681,5	61.706,4			57.681,5	61.706,4
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>2.944.813,5</i>	<i>3.164.025,9</i>	<i>2.930.409,4</i>	<i>3.147.407,7</i>	<i>2.886.921,0</i>	<i>3.103.585,8</i>	<i>2.988.301,9</i>	<i>3.207.847,8</i>
Cap. VI Investimentos reais	33.464,7	35.807,2	132.200,2	140.675,7			165.664,9	176.482,9
Cap. VII Transferencias de capital	1.633,1	1.747,4	1.092,8	1.406,9			2.725,9	3.154,3
Cap. VIII Activos financeiros			625,0	650,0			625,0	650,0
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>35.097,8</i>	<i>37.554,6</i>	<i>133.918,0</i>	<i>142.732,6</i>			<i>169.015,8</i>	<i>180.287,2</i>
TOTAL BRUTO	2.979.911,3	3.201.580,5	3.064.327,4	3.290.140,3	2.886.921,0	3.103.585,8		
TRANSFERENCIAS INTERNAS					2.886.921,0	3.103.585,8		
TOTAL CONSOLIDADO	2.979.911,3	3.201.580,5	3.064.327,4	3.290.140,3	2.886.921,0	3.103.585,8	3.157.317,7	3.388.135,0

(Miles de euros)

Sociedades públicas

	2006			2007			% Var.		
	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL
MEDTEC, S.A.	27.888,0	4.326,0	32.214,0	30.093,0	5.615,0	35.708,0	7,9	29,8	10,8
F. PÚBLICA INST. G. DE OFTALMOLOXÍA	2.039,0	210,0	2.249,0	2.209,0	199,0	2.408,0	8,3	-5,2	7,1
F. PÚBLICA HOSPITAL DE VERÍN	11.385,0	130,0	11.515,0	13.242,0	299,0	13.541,0	16,3	130,0	17,6
F. PÚBLICA HOSPITAL DA BARBANZA	15.911,0	149,0	16.060,0	18.129,0	220,0	18.349,0	13,9	47,7	14,3
F. PÚBLICA VIRXE DA XUNQUEIRA	13.315,0	112,0	13.427,0	15.511,0	207,0	15.718,0	16,5	84,8	17,1
F. P. ESCOLA G. DE ADMÓN SANITARIA	3.300,0	430,0	3.730,0	2.929,0	124,0	3.053,0	-11,2	-71,2	-18,2
F. P. URXENCIAS SANITA. DE GALICIA	34.110,0	251,0	34.361,0	38.768,0	238,0	39.006,0	13,7	-5,2	13,5
F. P. HOSPITAL DO SALNÉS	16.429,0	134,0	16.563,0	18.516,0	173,0	18.689,0	12,7	29,1	12,8
F.P. CENTRO TRANSFUSIÓN GALICIA	23.261,0	550,0	23.811,0	21.455,0	1.133,0	22.588,0	-7,8	106,0	-5,1
F.P. GALEGA MEDICINA XENÓMICA	870,0	19,0	889,0	1.475,0	98,0	1.573,0	69,5	415,8	76,9

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2006	2007
<i>Altos cargos</i>	8	8
<i>Persoal funcionario</i>	1.147	1.100
Grupo A	858	812
Grupo B	52	52
Grupo C	95	95
Grupo D	128	128
Grupo E	14	13
<i>Persoal laboral</i>	107	106
Grupo I	4	4
Grupo II	4	4
Grupo III	15	15
Grupo IV	67	66
Grupo V	17	17
<i>Outro persoal</i>	4	4
TOTAL	1.266	1.218

SERGAS

	At. primaria	At. especia.	Serv. Xerais	TOTAL
Altos cargos			4	4
P. Directivo	43	109		152
P. Facultativo	2.383	3.645		6.028
P. Sanitario non facultativo	2.130	11.571		13.701
P. non sanitario	1.900	5.945		7.845
P. Funcionario	806	730	415	1.951
P. Laboral	1	322	4	327
P. MIR	220	963		1.183
P. de cupo	904	163		1.067
Outro persoal		55		55
TOTAL	8.387	23.503	423	32.313

